

O MORTO QUE MATOU AO VIVO E OS PASADIÇOS DO PAIVA

AROUCA - PORTUGAL



Ponte das Letras Galegas – 16, 17, 18 e 19 de Maio de 2016

Nesta ponte das Letras Galegas desprazáremonos ao distrito de Aveiro no centro/norte de Portugal, para facer catro camiñadas no *maciço* formado pola serra de Arada e as subserras da Gralheira, da Freita e de São Macario. Localízase entre os concellos de Arouca e San Pedro do Sul, sendo é o máis alto do país veciño entre o Gerêz e da Estrela. Son montañas que, malia a súa escasa altura, xa que superan por pouco os 1.300 m de altitude, conforman zonas moi apartadas e escasamente poboadas, nas que os ríos escavan profundas fendas entre altas paredes graníticas dando lugar a espazos moi illados e de gran beleza natural que imos coñecer. A área na que nos moveremos en dúas das tres camiñadas está catalogada en Portugal coa figura de protección, recoñecida pola UNESCO, de “geoparque” por mor das singularidades xeolóxicos que posúe e as súas características xeográficas únicas.



Se ben con Ártabros xa estiveramos na serra da Freita no ano 2015, neste 2019 so repetiremos, unha parte dunha das rutas, a de Drave, xa que esta aldea é a xoia da coroa de Arouca e sempre paga a pena visitala, aínda que nesta ocasión engadiremos un comezo distinto e un final tamén diferente rematando no desafiante Portal do Inferno, marabilla da verticalidade. A segunda ruta será no veciño concello de San Pedro do Sul percorrendo, a lombo de subidas e baixadas, as súas catro aldeas históricas, todas elas de singular beleza, encaixadas en relanzos do terreo ou en cavorcos nas ladeiras da Serra de São Macario. E a terceira será para coñecer os soados Pasadiços do Paiva, un referente icónico do norte de Portugal.

As dúas primeiras rutas, por mor da súa lonxitude e desnivel, son de día enteiro. Por ese motivo a saída dende a Coruña farase o xoves á tarde sendo, deste xeito, a duración da actividade case a dunha semana santa, con tres noites de hotel.

1.- A ALDEA MÁXICA DE DRAVE E O PORTAL DO INFERNO.



Comezarémola andaina na aldea de Tebilhao que conta con alminhas, cruceiros e ruelas ben apiñadas, soladas con pé posto e arrodeada de socalcos en ladeira ao igual que a súa veciña aldea de Cabreiros á que chegaremos por fermosas correoiras despois de cruzar un rego usado para *canyoning*. Na terceira das aldeas, Candal, comezará unha íngreme baixada que nos

levará da montaña ata o encontro co río Paivó. No río atópase a ben conservada Covelo de Paivó, e tras cruzala seguiremos un camiño que, flanqueando o val, pasa polos restos dunha antiga aldea, tendo espléndidas vistas sobre unhas belidas quedas do río e sobre uns altos valados que semellan ser naturais. Despois, polo cavorco do rego de Regoufe, chegaremos á aldea do mesmo nome, dominada por un circo pétreo, cos restos de unhas abandonadas minas de wolfram. So queda abeirar un teso da montaña, para chegar a ver a xoia da coroa: a aldea máxica de Drave.

As primeiras vistas de Drave son moi fermosas. Aparece como unha aldea totalmente illada nunha xuntanza de cavorcos, disposta de xeito empoleirado e con dous



barrios diferenciados cada un nun dous tesos da montaña que están afastados pola ribeira de Palhais que baixa con rápidos e fervenzas. Pouco máis que unhas poucas casas e a capela semellan manterse en pe, salvándose da ruína do seu abandono de décadas. Dúas das casas foron refeitas, máis so usando medios artesanais, por *escuteiros* portugueses da pola non laica, que alí teñen un lugar de *convivio*. A terminación das

casas fainos retroceder aos anos 30 do pasado século. Se cadra, un mozo *escuteiro* que vive alí todo o ano sen luz nin comodidades, poderá ensinarnos por dentro os casarelos nos que é curioso ver o cuarto que destinan a lugar de recollemento polo seu aspecto cavernícola á par que pola súa sinxela beleza. Unha capela cunha placa que convén ler, en lembranza dos Martins que alí naceron, e un percorrido polas antigas rúas son cousas que non se poden deixar de facer.

So fican os derradeiros 400 m. de desnivel para acadar o espectacular Portal do Inferno no alto da serra, onde nos agardará o bus. Este portal é realmente unha golada pola que pasa unha serpeante e estreita estrada, que ten xusto a anchura do terreo entre dous verticais cantís. Seica o nome llo puxeron os paisanos por ser ao lugar ao que seguro se vai se un condutor se desvía un so metro do centro da estrada.

Distancia: 21,4 qm. Desnivel positivo: +1.120m. Desnivel negativo: -1080m.

2. TRILHO DO MORTO QUE MATOU AO VIVO – RUTA DAS ALDEAS HISTÓRICAS DE SÃO PEDRO DO SUL.

Esta espectacular ruta está localizada dentro da Cámara Municipal de São Pedro do Sul, que linda ca de Arouca polo sur. As aldeas de Covas do Río, Covas do Monte, Pena e Fujaco forman un conxunto de aldeñas tradicionais moi ben preservadas enclavadas na escarpada vertente norte da Serra de São Macario. A ruta que imos facer une as catro aldeas, saíndo das inmediacións do Portal do Inferno. Na primeira delas, recibenos ruelas encaixadas e casas apretuxadas e entre elas un ultramarinos-bar adornado cos clásicos *azulelejos* azuis portugueses. A segunda das aldeas ten forma de abano disposto ao redor dun valiño destacando a súa praza da igrexa cos seus laranxos sita



nun relanzo con fermosas vistas.

Entre a segunda e a terceira das aldeas descobre un dos trilhos con máis sonda de todo Portugal "O trilho do morto que matou ó vivo" que vai dende Covas do Río ata Pena. Sen escola, Igrexa e Cemiterio en Pena, era na Freguesia de Covas do Río, a uns 4 Km de distancia na que se aprendían as letras, se cumpría o deber relixioso e se soterraban os mortos. So que o camiño é maravilloso para nos, pero para eles era ruín, costento e escorregadizo a causa do que, nun dos funerais, un dos homes que carrexaba o cadaleito, esvarou, finando. Despois de Pena o bus aforraranos uns 3 km de chapapote ata o alto de São Macario, con magníficas vistas. Alí, neste miradoiro sobre toda a Lusitania, poderemos saber da azarosa vida deste santo e ollar a cova onde viviu como eremita arrependíndose de algo que non imos desvelar.



Dende o alto da serra so fica enlazar, mediante unha forte baixada coa cuarta aldea, Fujaco, no que na terraza dunha das primeiras casas poderemos observar moluscos do período ordovícico no paleozoico. A aldea asentase nun local ben afastado das miradas de estraños no que as casas, construídas cunha bonita pedra escura avermellada e con teito de laxes de xistos, distribúense de xeito empoleirado en dous costentos tesos. Eran máis de 200 os habitantes, máis agora son 27 para os que non hai descanso xa que alí todo son costas. Paga a pena percorrer os costentos calexos para chegar ás casas máis altas. No pequeno restaurante *O Rochedo* rematará a camiñada

Entre os dous tramos: Distancia:19 qm. Desnivel positivo: 790 m. Desnivel negativo: - 1.440m

3. OS PASADIÇOS DO PAIVA E O TRILHO DO AROMA



Os *pasadiços do Paiva* convertéronse, no decorrer dos últimos dez anos, nunha das iconas do norte de Portugal. As súas pasarelas, de 8'8 km de lonxitude, abeiran un cavorco indómito, contando aínda cunha ponte *suspensa*. Nas fotos da [súa página web](http://www.passadicosdopaiva.pt), poderemos decatarnos da inmensidade da paisaxe e nela atopamos a seguinte descrición:

Os Passadiços do Paiva localizam-se na margem esquerda do Rio Paiva, no concelho de Arouca, distrito de Aveiro. São 8 km que proporcionam um passeio "intocado", rodeado de paisagens de beleza ímpar, num autêntico santuário natural, junto a descidas de águas bravas, cristais de quartzo e espécies em extinção na Europa. O percurso estende-se entre as praias fluviais do Areinho e de Espiunca, encontrando-se, entre as duas, a praia do Vau. Uma viagem pela biologia, geologia e arqueologia que ficará, com certeza, no coração, na alma e na mente de qualquer apaixonado pela natureza.

A camiñada comezará na aldea de Vila Cova. Por carreiros tradicionais enlazaremos coa aldea de Serabigoes na que baixaremos entre as súas casas e entre elas, nun chanzo de xisto dunha escaleira, teremos a oportunidade de observar un auténtico trilobite. O geoparque posúe unha louseira na que se atoparon a maior concentración deles de toda a Europa Occidental, algúns dos mellores exemplares expóñense no museo do trilobite a poucos quilómetros da capital. Non é de estrañar ver estes fósiles nos laxes dos teitos ou mesmo nos chans das casas.



Despois xa preto do río Paiva chegaremos a Espiunca onde comezaremos o percorrido polas pasarelas do Paiva para rematar en Areinho, coa súa praia fluvial, onde nos recollerá o bus.

Distancia: 15,7 km. Desnivel positivo: +440m. Desnivel negativo: -670m

QUE MAIS QUE FACER EN AROUCA



Arouca é unha vila feita e ben conservada con moitos lugares que paga a pena visitar como son o mosteiro de Arouca – a máis grande construción granítica deste xénero en Portugal- co seu claustro, *cozinha* e sepulcro de Santa Mafalda -, os pelourinho do Burgo e o de Arouca, o calvario, o memorial do Santo e a torre de Mouros. Pero tamén para pasear polo seu pequeno casco histórico – coa súa praza e o seu chafariz-, sen esquecer

facer unha visita ao restaurante decorado coas laxes de trilobites atopadas no xacemento sito neste mesmo concello, e aínda mercar uns *bifês* ou unhas costeletas de vaca arouquesa no *talho* que se atopa preto do hotel ou ben, para os que son larpeiros, non é mal negocio mercar as típicas natas.

ALOXAMENTO, INSCRICIÓN E PRAZAS

PRAZAS CONVOCADAS: 35

DATAS: do xoves 16 ao domingo 19 de Maio de 2019

ALOXAMENTO: O aloxamento será na vila de Arouca no hotel D. Pedro ***, un *formidável* hotel que conta con magníficas instalacións. Máis información en <http://www.hotelspedro.com/>.

CEAS PORTUGUESAS: Como non, cada vez que visitamos unha zona, despois das camiñadas que adoitamos facer, nos merecemos degustar os pratos típicos da região. Así teremos o pracer de gostar do bacalhau gratinado un día e ao seguinte, a vitela arouquesa assada. Os entremeses serán salgadinhos variados e sopas portuguesas.



Nota: a vaca arouquesa é da cor da roxa galega, algo máis alta cá cachena, con cornos tamén grandes e reviravoltos. A súa carne ten sona de ser unha das mellores da península, e o assado unha das mellores eleccións.



SAÍDA: 18 h. 30m. do xoves 16 de maio da praza Casares Quiroga (preto das Paxariñas).

CHEGADA: 21 h. do domingo 19.

MATERIAL: O propio das actividades do limiar do outono. Non esquecer o *bañeiro* e a toalla, sobre todo se ven o anticiclón das Azores.

NIVEL TÉCNICO: Baixo **NIVEL FÍSICO:** Entre medio e medio-alto contrastado. Entendéndose por tal o daquela persoa que nas encostas pronunciadas dos coñeces e camiñas non se queda no furgón de cola. Hai que ter en conta que os vales son profundos, algún deles moi afastado das estradas e que a toda baixada pronunciada segue unha costa igual de pronunciada.

PRAZO DE INSCRICIÓN: Do luns 1 de abril ao venres 12 de maio. Por mor de liberar as prazas non cubertas, o prazo rematará cunha semana de antelación á saída. A inscrición farase seguindo a normativa do clube: <https://artabros.org/normativa-senderismo/>

COTA DA ACTIVIDADE:

Socios Federados: 188 €. Non Socios (en período de proba) e federados: 217 €. Os non federados terán que aboar 18 € a maiores polo custe da contratación do seguro de accidentes.

O PREZO INCLÚE: viaxe de ida e volta en autocar, desprazamentos ás 3 saídas de ruta e aloxamento composto de:

- 3 noites de durmir.
- 2 ceas (ás do venres 17 a do sábado 18).
- 3 almorzos (os do venres 17, sábado 18 e domingo 19).



PREINSCRICION E RESERVA/PAGAMENTO DE PRAZA:

-Os socios poderán reservar praza durante a primeira semana do prazo (do 01 ao 05 de abril) mediante o abono dun anticipo de 38 € (ou aboando a totalidade). No resto do prazo poderán apuntarse tanto socios como os non socios en período de proba e só se reserva co ingreso do total da cota.

MONITORES : Argimiro e equipo coa colaboración de Javier de Fontiñas.

DÚBIDAS: Na secretaría de Ártabros, Tf: 981.21.31.15